
 <b>XUNTA DE GALICIA</b> CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 <b>XACOBEO 2010</b> Galicia
--	--	--

### FICHA RESUMO

<b>Ano</b>	2010	<b>PE403A 2009/12-1</b>
<b>Entidade</b>	PLAN CONXUNTO DAS CONFRARIAS DE LAXE E CORME	
<b>Plan explotación<sup>(1)</sup></b>	SOLENIDOS	
<b>Réxime<sup>(2)</sup></b>	RECURSO ESPECÍFICO	
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b>	MERGULLO EN APNEA E CON SUBMINISTRO DE AIRE DENDE SUPERFICIE	

<b>Especies</b>	Navalla ( <i>Ensis arcuatus</i> ) e longueirón ( <i>Ensis siliqua</i> ).
<b>Ambito do plan</b>	Ría de Corme e Laxe: praia de Laxe, praia da Hermida, praia de Osmo, banco Riocobo e praia Rebordelo
<b>Subzonas de explotación</b>	Zona A: infralitoral da praia de Laxe: subzona 1 (peirao); subzona 2 (río) Zona B: infralitoral das praias da Hermida, Osmo, Riocobo e Rebordelo

Participantes no plan de explotación		
<b>Número de permex/persoas autorizadas</b>		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Mergulladores con habilitacións
-	7	21
<b>Ampliación do número de permex<sup>(4)</sup></b>		<b>Non</b>
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Mergulladores con habilitación
-	-	-

Calendario de explotación												
<b>Días máximos de extracción</b>		75										
<b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup></b> Subzona 1 da praia de Laxe e praias da Zona B												
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b> : mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
				X		X		X				
<b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup></b> Subzona 2 da praia de Laxe e praias da Zona B												
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b> : mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
					X		X		X			

Topes de captura <sup>(6)</sup>			
<b>Especies</b>	<b>A pé</b>	<b>Embarcación/día</b>	<b>Mergullador enrolado e a bordo/día</b>
Navalla e longueirón	-	45 kg	15 kg

<b>Artes a empregar</b>	Mergullo en apnea Mergullo con subministro de aire dende superficie
-------------------------	--

<b>Puntos de control</b>	Zona B.- rampla do peirao de Corme Zona A.- rampla da lonxa de Laxe
<b>Puntos de venda</b>	Lonxas de Laxe e Corme



Accións a realizar <sup>(7)</sup>	Epocas probables <sup>(8)</sup>											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rexeneración zonas improdutivas</b>												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Extracción semente para resembrar</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Sementeiras</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Traslados</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rareos</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Limpezas e arados</b>												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Outros</b>												

**Outras consideracións <sup>(9)</sup>**

**Participantes:** As embarcacións co recurso navalla e longueirón Z6 no seu permex, autorizadas para traballar neste plan son 7, todas elas relacionadas no listado anexo ó plan:

- 5 asociadas á confraría de Corme, con 15 cotas
- 2 asociadas á confraría de Laxe, con 6 cotas

**Ampliación:** Non se aproba a ampliación de embarcacións solicitada neste plan. O argumento de que hai embarcacións autorizadas que non traballan non é válido, xa que a realidade é que hai 7 embarcacións con 21 cotas autorizadas para traballar neste plan.

**Puntos de control:** Deben elaborar as normas de funcionamento dos puntos de control e designar as persoas responsables. O paso polo punto de control é obrigatorio para tódolos integrantes deste plan.

**Xestión da explotación:** A explotación deste recurso desenvolverase de maio ao 15 de outubro, establecendo unha rotación das dúas subzonas nas que se divide a zona A, mentres que os bancos da zona B permanecerán abertos toda a época de extracción.

Constituirase unha comisión xestora que será a encargada da organización e xestión da



extracción e responsable do seguimento do plan. Esta comisión decidirá os días nos que se solicitará a apertura mensual e o porá en coñecemento da confraría de Laxe –representante do plan na súa relación coa administración- para que esta tramite a solicitude ante o Departamento Territorial.

**Remisión dos datos:** Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán se remitidos regularmente ao departamento territorial correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior

**Comercialización:** a proposta de levar as capturas dende o punto de control á depuradora e realizar a primeira venda do recurso xa depurado é contraria á normativa vixente. Deben asesorarse sobre as formas de comercialización máis convenientes para a venda deste produto.

**Réxime sancionador:** O incumprimento das normas do plan con consideración de faltas moi graves suporá a non inclusión no plan do ano seguinte. Con respecto ao réxime sancionador recoméndase que o colectivo revise coa axente de extensión se o procedemento sancionador que se describe no plan se axusta os estatutos das confrarías, e se as medidas cautelares contempladas son axeitadas. En calquera caso, a persoa afectada poderá recorrer á vía xudicial, xa que a tutela que exerce a administración sobre as confrarías non inclúe ó réxime sancionador (artigo 3º do Decreto 261/2002, de 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións).

**Mergullo:** Tódolos mergulladores terán que ter a tarxeta de mergullador en vigor para poder traballar no plan de explotación, de non ser así serán excluídos da relación adxunta á resolución de apertura mensual.

**Plan de seguridade:** Deberán elaborar o plan de seguridade. Na solicitude de apertura de cada mes deberá indicarse o nome do mergullador que vai a exercer como xefe de equipo.

O informe da actividade de mergullo é favorable a autorizar a realización das inmersións necesarias para a execución do plan, sempre que o **plan sexa aprobado a efectos de seguridade pola autoridade marítima correspondente e que deberán presentar antes de realizar a primeira apertura do ano 2010.**

**Plan de control:** No caso particular do **emprego de mergullo con subministro de aire dende superficie, e sempre que sexa aprobado o plan de seguridade pola Capitanía Marítima correspondente**, considérase necesario un maior esforzo no control da actividade para poder avaliar o emprego desta técnica na explotación dos bancos. Polo tanto, será necesario establecer un punto de control no banco sublitoral formado por unha embarcación e alomenos dúas persoas responsables. No punto de control recolleranse os datos necesarios para o seguimento da explotación, verificaranse os topes de captura e tamaños de extracción, e o produto extraído será precintado emitíndose un ticket nominativo

**Deberán aportar** a seguinte información:

- Documentación acreditativa da aprobación do plan polos órganos directivos da confraría de Corme
- Normas de funcionamento dos puntos de control e persoas responsables.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MAR  
Dirección Xeral de Ordenación e  
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro  
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010  
Galicia

- Coordenadas cartográficas das zonas sometidas a plan (zona B) e dos puntos de control, dacordo coa Circular de 6 de outubro 2009 da Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños pola que se ditan as instrucións para a presentación dos plans de explotación para o ano 2010.